

ASISTENTES:

Presidente:

Doan Milagros María Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Secretaria:

Don Santiago Gonzalez Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 11 de abril de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, cuarto andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 3 de abril de 2018, ten lugar a XX sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma se procede de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

Unha vez constatado o quorum a Presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros e informa que escusou a súa asistencia á reunión, a representante da Federación Galega de Municipios e Provincias, Dona Lucía González Louro

A continuación comunica, como xa se acordou vía telefónica cos membros da Comisión, o cese da

Secretaria da Comisión de Transparencia, Dona Maria Puy Fraga, e somete á súa consideración o nomeamento de D. Santiago Gonzalez Serrano para este posto. O cambio da Secretaría deste órgano ven motivado, como explica a Presidenta, pola reorganización das funcións asignadas ao persoal do Valedor do Pobo realizadas na anterior semana. Tras o asentimento dos membros da Comisión ao cambio proposto, asina a resolución de cese e nomeamento.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de febreiro . de 2018

Constátase o envío da acta da sesión XIX a todos os asistentes, polo que non se procede á súa lectura e non habendo observacións á mesma e estando conformes todos os presentes, apróbase por asentimento.

3º.- Seguimento dos expedientes administrativos en tramitación.

As 12.20 horas a Presidenta auséntase por ter que asistir a unha reunión, sendo a Presidencia ocupada polo Vicepresidente, en exercicio da suplencia por ausencia prevista no artigo 8 do Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia, aprobado por Resolución do 5 de xullo de 2016, ocupando a Vicepresidencia D. Fernando Luís de Andrés Alonso.

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 124/2017	Inadmisión
RSCTG 0129/2017	Desestimación
RSCTG 0132/2017	Estimación Parcial

Respecto ao expediente RSCTG 128/2017, e dado que o interesado achega coa súa reclamación unicamente a primeira cara dun recurso de alzada presentado con data do 29/9/2017, ante a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, acórdase que pola Secretaría da Comisión se solicite da citada Consellería a remisión de copia do escrito de recurso de alzada completa para poder resolver sobre a admisión ou inadmisión da reclamación presentada.

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 24 de abril de 2018 ás 12.00.

5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13.10 horas da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

O Presidente suplente (art. 8 Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia)  Pablo Cameselle Martínez	O secretario  Santiago Gonzalez Serrano
--	---